

Equipo: ..... Data: .....

	2 Foinos xenial porque...	1.5 Fixémolo ben porque...	1 Custounos un pouco porque...	0.5 Debemos mellorar porque...
<b>Na participación e colaboración</b>	Todas as persoas do equipo participamos activamente e colaboramos axudando a outras.	Todas as persoas do equipo participamos activamente, pero non axudamos a outras porque nos centramos no noso traballo.	A metade das persoas do equipo participaron activamente.	Só traballou un/unha membro do equipo e as outras persoas integrantes do grupo non colaboraron nin axudaron.
<b>O clima de traballo</b>	Foi motivador e respectuoso, sen conflitos dentro do grupo.	Foi agradable aínda que existiron pequenos conflitos que se resolveron inmediatamente.	Foi pouco motivador porque houbo conflitos frecuentes que afectaban ao traballo e que se solucionaron con axuda.	Foi conflitivo porque houbo moitos problemas que afectaron o traballo.
<b>Na posta en común de ideas</b>	Todas as persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas. Respectáronse as opinións e argumentouse o rexeitamento de propostas.	Todas as persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas, pero algunhas das propostas rexeitáronse sen razoamento.	A metade do grupo achegou ideas e propuxo ideas e solucións para acadar as tarefas.	Só un membro do equipo achegou ideas, o resto das persoas non levou propostas ao debate.
<b>Para o seguimento do traballo</b>	Fixemos debates e analizamos os resultados do traballo para recoller propostas de mellora.	Analizamos os resultados do traballo, e debatemos os resultados, mais non houbo propostas de mellora.	Analizamos os resultados do traballo, mais sen debates nin propostas de mellora.	Non fixemos a valoración do traballo nin debatemos os resultados.
<b>A autonomía</b>	Foi plena, xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda, mesmo axudamos a outros grupos a organizarse.	Foi adecuada, xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda.	Foi moderada, xa que tivemos que solicitar axuda para organizar o traballo ao inicio, mais logo o equipo traballou con autonomía.	Foi escasa, xa que solicitamos axuda en varias ocasións para organizar o traballo.
<b>Suma de puntos</b>				